

# O *galardon* como recompensa do servizo amoroso na cantiga de amor<sup>1</sup>

Esther Corral Díaz  
*Universidade de Santiago de Compostela*

**RESUMO.** Estúdase no presente traballo o motivo do *galardon* na lírica galego-portuguesa centrándonos en particular no xénero da cantiga de amor, dado que se configura como un termo caracterizador da tipoloxía. *Galardon* procede da linguaxe feudal e trasládase á poesía trobadoresca enmarcado no contexto do servizo amoroso que o poeta rende á dama. A súa utilización é parca e restrinxida a trobadores que se sitúan na época avanzada da tradición lírica.

*Palabras clave:* Feudalismo, Lírica galego-portuguesa, servizo amoroso, léxico, *galardon*, cantiga de amor, D. Denis, Martin Moxa.

**ABSTRACT.** The present essay deals with the motif of *galardon* in the Galician-Portuguese lyric poetry focusing particularly on the genre of the ‘cantiga de amor’, since it becomes a term which characterizes the typology. *Galardon* comes from feudal language and it is transferred to troubadour poetry in the context of the love service the poet pays to his lady. Its use is scarce and restricted to troubadours placed in the advanced stage of the lyric tradition.

*Keywords:* Feudalism, Galician-Portuguese lyric poetry, love service, vocabulary, *galardon*, *cantiga de amor*, D. Denis, Martin Moxa.

---

Data de recepción: 30.04.2009. Data de aceptación: 15.05.2009.

1 Este traballo insíbese no Proxecto de Investigación *El vocabulario de los trovadores gallego-portugueses en su contexto románico*, subvencionado polo Ministerio de Ciencia y Tecnología (HUM 2005-01300); así como no de *Cancioneiros galego-portugueses. Edición crítica e estudio (formato impreso e electrónico). Cancioneiro de cabaleiros*, coa financiación da Xunta de Galicia (PGIDIT06CSC20401PR).

## 1. Introducción

No discurso poético da lírica galego-portuguesa, o *galardon* (e formas derivadas como *galardoar* ou *galardoador*) intégrase na liña sémica do servizo amoroso que o amante rende a súa *senhor*, formando parte, polo tanto, da ampla serie de termos procedentes do vocabulario feudal que se verten á retórica do amor cortés. Como sinala G. Cropp o *galardon* “nous rappelle que les devoirs de la dame et de l’amoureux étaient d’une réciprocité formelle: à la manière du seigneur, la dame devait récompenser son vassal dévoué, elle devait por ainsi dire lui payer un salaire”<sup>2</sup>.

A súa presenza nas diferentes poéticas románicas da Idade Media (occitana, francesa e italiana), ademais da galego-portuguesa, denota o seu notable relevo na praxe da *fin’amors*. Notemos que, para indicar de forma xenérica esa recompensa que recibe o trobador polo servizo amoroso que ofrece á dama, os *trobadors* occitanos empregan nos seus versos o *guizado* / *gazardo*, os *trouvères* franceses mencionan o *guerredon*<sup>3</sup> e os poetas italianos aluden ao *guidardone*<sup>4</sup>. A este respecto traemos a colación as palabras de Roberto Antonelli que destacan este motivo en referencia á lírica italiana: “la serie del “guiderdone” (...) riveste importanza fondamentale per la storia della lirica prestilnovistica, per l’impatto della politica culturale di Federico II nell’Italia duecentesca e per lo stesso sviluppo della lirica cavalcantiana e dantesca”<sup>5</sup>.

Neste estudo pretendemos achegarnos ao motivo do *galardon* na lírica galego-portuguesa, analizándoo en concreto dentro do ámbito da cantiga de amor, pois é a tipoloxía na que se configura como motivo caracterizador (aínda que faremos referencias puntuais aos outros xéneros)<sup>6</sup>. No noso caso, *galardon* configúrase nos cancioneros como un elemento fundamental para o desenvolvemento do concepto do servizo amoroso que une a dama co trobador. Trátase dun termo xenérico que, como exporemos a continuación, non é de uso extendido na tradición, algo que contrasta coa mención explícita nas cantigas de diversos tipos de galardón

2 G. Cropp, *Le vocabulaire courtois des troubadours de l’époque classique*, Genève, Droz, 1975, p. 366; vid., así mesmo, sobre o galardón A. Pichel, *Ficción poética e vocabulario feudal na lírica trobadoresca galego-portuguesa*, A Coruña, Deputación, 1987, p. 92 e ss.

3 Vid. exemplos do seu uso en R. Dragonetti, *La technique poétique des trouvères dans la chanson courtoise. Contribution à l’étude de la rhétorique médiévale*, Genève, Slatkine Reprints, 1979, pp. 77-83.

4 Vid. o estudo do *guidardone* na lírica siciliana que leva a cabo Ana M<sup>a</sup> Domínguez Ferro, “El término *guidardone* en la escuela siciliana”, en *Pola melhor dona de quantas fez Nostro Senhor. Homenaxe á Profesora Giulia Lanciani*, coord. M. Brea, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2009, pp. 169-182.

5 Vid. R. Antonelli (ed. crítica con comentario a cura di), *I poeti della Scuola Siciliana*, Milano, Mondadori, 2008, vol. I, p. xliii.

6 Sobre esta tipoloxía vid. V. Beltrán Pepiό, *A cantiga de amor*, Xerais, Vigo, 1995, especialmente pp. 38-72 e 150-171; e E. Fidalgo, “As cantigas de amor”, en *Proxecto Galicia. Literatura. A Idade Media*, A Coruña, Hércules de Ediciones, 2000, pp. 41-115.

que a dama pode conceder como o substantivo xenérico *dōas*, ou os obxectos máis concretos de *cinta* (-s), *baraça*, *touca*, *corda*, etc.<sup>7</sup>

## 2. Corpus

Analizando a frecuencia de rexistros de *galardon* na lírica galego-portuguesa, chama a atención a súa utilización bastante restrinxida no corpus profano a pesar da súa importancia na articulación do servizo amoroso<sup>8</sup>. Documentábase en tan só quince cantigas, das cales a maioría (dez) pertencen ao código da cantiga de amor. Son as seguintes:

- De vos servir, mia senhor, non me val* (9,3) de Afonso Sanchez;  
*De mi fazerdes vós, senhor* (25,27),  
*Nostro senhor, se averei guisado* (25,56),  
*O gram viç' e o gram sabor* (25,59),  
*Por Deus, senhor, pois per vós nom ficou* (25,83)  
*Sempr' eu, mha senhor, desejei* (25,106) de D. Denis;  
*Tal ventura quis Deus a min, senhor* (73,8) de J. Mendiz de Briteyros;  
*Amor, non qued' eu amado* (94,4),  
*Ben poss' Amor o sseu mal endurar* (94,6)  
*Mays ambos y faredes o mellor* (94,11) de Martin Moxa<sup>9</sup>;  
*Ora me venh' eu, senhor, espedir* (114,13) de P. Gomez Charinho.

No resto de tipoloxías da lírica profana as referencias son certamente ocasionais. Rexístrase nunha cantiga de amigo (*Madr', o que sey que mi quer mui gran ben*, 64,14 de Joan Baveca); en tres escarnios (*Abadessa, Nostro Senhor*, 60,1 de G. Eanes do Vinhal, *Os privados que d'el-rey ham*, 118,7 de D. Pedro de Portugal, Conde de Barcelos, *Se me deras galardón*, 145,9 de Roy Martinz do Casal<sup>10</sup>); e, por último, na única *tençon* escrita en occitano e galego-portugués (*-Sinner, ... us vein quer* 21,1 de Alfonso X - Arnaldo).

7 Sobre estes agasallos, remito aos meus traballos citados na n. 58.

8 Seguimos para o cómputo textual a información da base de datos da lírica galego-portuguesa *MedDB.2*, que o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades pon en rede (<http://www.cirp.es>). Utilizamos, tamén, a base de datos de bibliografía *BiRMED*, incorporada na devandita páxina *web*. As cantigas cítanse e reproducense a partir dos códigos numéricos e dos textos incluídos na compilación da *Lírica Profana Galego-Portuguesa* (ed. e coord. de M. Brea, Santiago de Compostela, CIRP, 1996, 2 vols) (= *LPGP*).

9 Para as composicións 94,4 e 94,11 seguimos os criterios de L. Stegagno Picchio que propón como autor a Martin Moxa (vid. a xustificación en *Martin Moya. Le poesie*, ed. crítica, introd., coment e glos. a cura di L. Stegagno Picchio, Roma, Ed. dell'Ateneo, 1968, pp. 60-61 e p. 174). En cambio, Carolina Michäelis na edición do *Cancioneiro de Ajuda* sitúaaas na sección "Cantigas de um desconhecido VI" (I, nº 303, 307), e Machado atribúe as dúas a Airas Perez Vuitorom. Hai que notar que da 94,11 só se conserva unha estrofa en *Ajuda*, mentres que a 94,6 se reproduce de xeito completo nos cancioneiros e foi recollida, ademais, en toda a tradición manuscrita (á parte do cancioneiro portugués, tamén aparece nos apógrafos italianos).

10 Esta última en estado fragmentario (só se conserva unha estrofa) e a súa atribución é dubidosa.

O *galardon* encádrase como un motivo propio da cantiga de amor. Nos outros xéneros, cando se utiliza, emprégase, sobre todo, como referencia caracterizadora desa tipoloxía e no seu marco habitual do servizo amoroso<sup>11</sup>.

O repertorio de trobadores que inclúen *galardon* tampouco é amplo, pois a metade dos textos foron escritos por Martin Moxa e D. Denis, trobadores que destacan dentro da tradición pola súa singularidade, polo dominio da arte de trobar e polo coñecemento da poética composta alén dos Pirineos. Tres composicións pertencen ao clérigo Martin Moxa, que viviu seguramente na corte castelá de Afonso X<sup>12</sup>, aínda que o trobador máis destacado é D. Denis. O rei portugués parece sentir unha especial predilección por incluila nos seus cantares, posto que, á parte de citala en cinco das súas cantigas de amor, ocupa este motivo un lugar preponderante na construción do discurso poético<sup>13</sup>. Recordemos que este Rei é un dos autores galego-portugueses no que se percibe un maior grao de influencia intertextual de *trouvères* e *trobadors*<sup>14</sup> no seu cancionero.

Á parte destes dous poetas, *galardon* rexístrase noutros autores. Cronoloxicamente estes se sitúan nos períodos de maior florecemento da tradición poética, na época afonsina (J. Mendiz de Briteiros e o mencionado Martin Moxa) e dionisina (o propio D. Denis e o nobre portugués J. Mendiz de Briteiros). E, ademais, o seu uso esténdese posteriormente á produción poética post-afonsina e post-dionisina en trobadores que continúan o seu labor nas dúas primeiras décadas do século XIV, na corte de Sancho IV -P. Gomez Charinho e o citado J. Mendiz de Briteiros- ou son epígonos ilustres da escola literaria, como Afonso Sanchez, fillo natural de D. Denis. Neste sentido, convén recordar que tamén cita *galardon* nun escarnio o outro fillo poeta do Rei portugués e último representante da tradición galego-portuguesa, D. Pedro, Conde de Barcelos<sup>15</sup>.

Polo que respecta ao estatus social ao que pertencen os autores, predominan os trobadores de condición alta: reis e infantes como D. Denis e o seu fillo Afonso Sanchez, nobres como J. Mendiz de Briteiros, altos cargos como P. Gomez Charinho, Almirante de Castela e “Adelantado mayor de Galicia”<sup>16</sup>. Só se afastaría desta liña xeral Martin Moxa, que forma

11 Para a única cantiga de amigo que o incorpora, vid. o comentario da súa temática en § 5.1.

12 Recordemos que dúas destas composicións presentan problemas de autoría.

13 Remitimos para o estudo do *galardon* na produción dionisina ao noso traballo “En galardom de quanto vos servi: estudo do *galardon* en D. Denis”, en *Pola melhor dona de quantas fez Nosso Senhor*, pp. 115-130.

14 Vid. A. Ferrari, “Linguaggi lirici in contatto: *trobadors* e *trobadores*”, *Boletim de Filologia*, 29, 1984, pp. 35-57; E. Gonçalves, “Intertextualidades na poesia de D. Denis”, *Singularidades de uma Cultura Plural. Actas do XIII Encontro de Professores Universitários Brasileiros de Literatura Portuguesa (Rio de Janeiro, 30 de julho a 3 de agosto de 1990)*, Rio de Janeiro, 1992, pp. 146-155; Idem, “D. Denis”, en G. Lanciani - G. Tavani (eds.), *Dicionário de Literatura Galega e Portuguesa*, Lisboa, Caminho, 1993, pp. 210-212 (=DLMGP).

15 Sobre as coordenadas cronolóxicas e espaciais, vid. A. Resende de Oliveira, *Trobadores e xograres. Contexto histórico*, Vigo, Xerais, 1995.

16 Vid. M. Brea, “Pai Gómez Charifno y el mar”, en *La literatura en la época de Sancho IV (Actas del Congreso Internacional “La literatura en la época de Sancho IV”*, Alcalá de Henares, 21-24 de febrero de 1994), Alcalá, Universidad, pp. 141-152 (particularmente, pp. 141-143).

parte da clerecía. A súa localización non reviste especial interese, posto que abrangue todo o territorio: *galardón* documéntase en autores orixinarios tanto da área portuguesa como da castelá (incluída aquí o territorio galego).

### 3. Historia literaria<sup>17</sup>

Orixinariamente *galardón* pertence ao ámbito da linguaxe xurídica. Así o testemuña e reflicte a obra máis importante da historia do dereito hispánico, *Las Siete Partidas*, redactada durante o reinado de Alfonso X e por orde deste, na que ocupa un lugar importante a relación pormenorizada das diferentes obrigacións que ligan os señores coas súas mesnadas. En concreto, adícase ao sentido técnico de *galardón* o Título XXVII da Partida 2 (“De los *galardones*, e de cómo se deben fazer”). Reproducimos a “Ley I” na que se indica “Que cosa es *galardón*, e quien lo debe hacer, e a quien debe ser hecho”. Di así:

*galardón* es bien hecho, que debe ser dado francamente a los que fueren buenos en la guerra, por razón de algún bien hecho señalado que hiciesen en ella. E débelo dar el rey o el señor o el caudillo de la hueste a los que lo merecen e a sus hijos si sus padres no fueren vivos. E debe ser tal el *galardón* e dado en tiempo que se pueda aprovechar del aquel a quien lo diere (Partida 2, 27,1)<sup>18</sup>

Non obstante, sorprende que a historiadora italiana Hilda Grassotti non cite explicitamente no libro *Las Instituciones feudo-vasalláticas en León y Castilla*<sup>19</sup> o *galardón* no estudo da documentación recollida do reino para a “recompensa vasallática”, cando si está presente na obra afonsina lexislativa citada e que se conforma –recordemos– fundamentalmente como unha compilación da vella tradición castelá<sup>20</sup>. Poderíase pensar que *Las Siete Partidas* constitúe máis un código teórico ca práctico e que transmitía fundamentalmente a tradición europea do feudalismo, facendo referencia, en ocasións, a unha terminoloxía que non estaba tan vixente e estendida no reino<sup>21</sup>, pero hai que notar que si se encontran citas de *galardón* en textos non literarios escritos en territorio galego<sup>22</sup>.

17 Este apartado recolle parte da información do noso estudo, “En *galardom de quanto vos servi*”, pp. 118-119.

18 Alfonso X el Sabio, *Las Siete Partidas (El libro del Fuero de las Leyes)*, introduc y ed. dirigida por J. Sanchez-Arcilla Bernal, Madrid, Ed. Reus, 2004, pp. 345-349 (cit. p. 345). Queremos mostrar o noso agradecemento ao Prof. Faustino Martínez por facilitarnos a información desta fonte.

19 H. Grassotti, *Las Instituciones feudo-vasalláticas en León y Castilla*, Spoleto, Centro Italiano di Studi sull’Alto Medioevo, 1969, 2 vols (en concreto, vol. II, pp. 556-576).

20 En cambio, aparecen recollidos sinónimos de *galardón* como *honor* (*Las Instituciones feudo-vasalláticas*, p. 568).

21 Vid. José Mattoso, “O léxico feudal”, en *En torno al feudalismo hispánico. I Congreso de Estudios Medievales*, Avila, Fundación Sánchez Albornoz, 1989, pp. 295-312 (sobre todo, pp. 295-296).

22 A base de datos TMILGA ofrece unha información completa sobre a súa frecuencia na documentación medieval galega, constatando que se coñecía e usaba a palabra: na prosa notarial rexístrase en dous textos (s.

Á parte da poesía profana, o termo era común noutros ámbitos literarios. Na lírica relixiosa documéntase a miúdo. Alfonso X, nas *Cantigas de Santa María*, insire o vocábulo nas súas composicións en contextos varios, algúns moi semellantes aos que se presentan nos cancioneiros profanos, xa sexan referidas ás mulleres que protagonizan os miragres ou á Virxe<sup>23</sup>. Tamén era unha voz usual na prosa literaria galego-portuguesa<sup>24</sup>. Na lingua moderna consérvase tanto en galego como en portugués (*galardón / galardão*)<sup>25</sup>.

Hai que salientar que a grafía da palabra documentada na Idade Media varía a causa fundamentalmente da fluctuación da representación da vocal nasal na terminación<sup>26</sup>. Encontramos formas como *galardom*, *galardon* ou *galardō*, ao mesmo tempo tamén se rexistra o vocábulo máis antigo, coa conservación da vocal posterior trala consoante velar, *gualardon* (“na cima *gualardon* prende” –Martin Moxa 94,4 v. 34–)<sup>27</sup>. Tamén aparecen as formas derivadas *galardoar / gualardōar*<sup>28</sup> e *galardōador*<sup>29</sup>.

---

XV), na prosa non notarial en corenta catro textos (ss. XIII-XIV), e na prosa xurídica nun texto (s. XIII) (X. Varela Barreiro, dir., *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*, Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega [http://ilg.usc.es/tmilg, consultada o 27/01/2009])

- 23 “que me dé *gualardon* com’ ela dá” (B v. 42); “... por prender / dela pois tal *galardon*” (56 vv. 30-31); “que en min e en meu Fillo vossas entencōes/tornedes e reḡebades bōos *gualardōes*” (85 vv. 39-40); “que sábia do que ben obra que *galardon* averá?” / Quena Virgen ben servirá / a Paraiso irá” (103 vv. 20-21); “... e pois mamava assaz./ beijava sa Madre polo *galardon*” (138 vv. 59-60); “O que pola Virgen de grado seus dōes/dar-vos-ll-á ela grandes *galardōes*” (145 vv. 3-4); “os que o demo serven an del taes *galardōes*” (199 v. 25); “Sempr’ a Virgen santa dá bon *gualardon*” (265 v. 3 e ref.); “... en *gualardon* do serviḡo que lle fezera” (295 v. 3) “averei se me der esto e será bon *gualardon*” (382 v. 49) “e por este serviḡo dá-m’ este *galardon*” (401 v. 11). Citamos por Alfonso X, O Sábio, *Cantigas de Santa María*, W. Mettmann (ed.), Coimbra, Universidade, 1959-1972 (reimpr. Madrid, Castalia, 1986-1989, 3 vols) (= CSM).
- 24 Segundo os datos de R. Lorenzo recollidos no seu glosario (*La traducción*, II, pp. 678-679): “uos de Nostro S. Deus bōo *galardon*” (ca. 1319, *Descobrimientos Portugueses* I, 36); “nōtificar sem *galardom*” (ca. 1385, id. Suplem. 64); “deronme por *galardon*” (*Cronica Troyana*, I, 115.30); “para rreḡeber *galardom* do bē; et do mal que fezerō;” (*Miragres de Santiago*, 124); “nō ouve de vos nem hum *galardom* do serviḡo que vos fiz” (*Crónica Geral de Espanha de 1344*, III, 383). Na base de datos TMILGA, citada arriba, constátase certa frecuencia de uso: na prosa literaria en vinte catro textos (s. XIV), na prosa histórica en dez textos (ss. XIII-XIV), e na prosa xurídica nun texto (s. XIII).
- 25 Xa aparece no s. XV segundo Machado (*DEL P1* 1058b, *DEL P2* 1109b). Tamén se rexistran nesa época as variantes *galardan / galhardam*. Vid. sobre o problema do ditongo “-ao” e as súas solucións no galego e no portugués medieval, Clarinda de Azevedo Maia, *Historia do Galego-Portugués. Estudo lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI (con referēncia à situação do galego moderno)*, Coimbra, Instituto Nacional de Investigación Científica, 1986, pp. 603-604.
- 26 Sobre o problema da nasalización medieval e o seu desenvolvemento e resultados, vid. R. Mariño Paz, “A desnasalización vocálica en galego-medieval”, *Verba*, 29, 2002, pp. 71-118; así como L. Sletsjōe, *Le développement de ‘l’ et de ‘n’ en ancien portugais. Etude fondée sur les diplômes des Portugaliae Monumenta Historica*, Oslo - Paris, Presses Universitaires d’Oslo / Boyveau & Chevillet, 1959.
- 27 Tamén aparece esta forma na obra relixiosa do Rei Sabio. Vid. supra n. 23.
- 28 “qual sennor ele serviu, assi llo *gualardōou*” (238 v. 68), “mui ben llo per ouv’ aly *gualardōado*” (267 v. 83), “que lle foi *gualardōado* u nunca verá pesar” (272 v. 63), “ca pois *gualardōado* lle será” (290 v. 12), “e que llo a Santa Virgen pois ben non *gualardōasse*” (369 v. 11).
- 29 Nas CSM “que fez enton a *galardōador* / de todo ben” (279 vv. 24-25); *General Estoria* “eu sō teu defendedor et *galardoador* pera te fazer bem” (197.29).

A historia literaria mostra que o termo foi traspasado do ámbito xurídico ao literario desde os seus inicios. Estaba presente na tradición occitana nos seus albores e xa detentaba aí a mesma noción sémica que posteriormente se consolida. Consideramos este dato especialmente salientable, pois vai ser un indicio clave da súa presenza nas diferentes tradicións trobadorescas románicas.

En *La chanson de Sainte Foi d'Agen* (ca. finais do s. XI ou principios do XII), un dos primeiros textos románicos conservado, indícase que a protagonista “non teg lo *guardadom* ab si”, expresando aquí xa o vocábulo o valor sémico de ‘recompensa’<sup>30</sup>. Dentro xa do ámbito da lírica trobadoresca rexístrase desde os seus inicios. Aínda que sorprende que non apareza no cancionero do posiblemente primeiro trobador coñecido, o conde de Poitiers, Guilhem de Peitieu, a pesar de que na súa obra se representa unha *fin’amors* concebida cos trazos do mundo feudal, xa se documenta no corpus dun autor da primeira xerazón, Cercamon, no que –como sinala o seu editor L. Rossi– se descobre “la première véritable définition de la *fin’amor*”<sup>31</sup>. Baixo o pseudónimo de Cercamon escóndese un poeta bastante descoñecido como personaxe histórico. A súa obra mostra unha sólida formación na poesía latina contemporánea e un coñecemento tamén profundo do poder feudal. Este último aspecto é particularmente relevante para o noso interese, posto que o *galardon* se insire na ámbito poético como elemento léxico do sistema político e social imperante na época. Cercamon cita *gazardos* en *Puois nostre temps comens’ a brunezir* (PC 112.3a v. 8) e *guizado* en *Ab lo pascor m’es q’ eu chant* (PC 112.1a v. 18).

O vocábulo instálase nesa tradición como vocábulo de uso extendido e regular<sup>32</sup>. Entre os *trobadors* que o inclúen nos seus versos queremos destacar pola súa recorrencia a Giraut de Bornelh, quen rexistra o termo e formas derivadas nun número importante de composicións no seu corpus<sup>33</sup>. Activo no terceiro cuarto do século XII, gozou de gran prestixio na época como o testemuña o seu apelativo de *maestre dels trobadors* e a admiración que lle profesaba Dante e, o que é máis importante, visitou numerosas cortes hispánicas e participou, ademais, na III Cruzada xunto coas ostes europeas<sup>34</sup>. Cabería pensar, polo tanto, aínda que faltan datos

30 Concretamente na *laisse* 32, vv. 318-321 (*La chanson de Sainte Foi*, ed. et traduction R. Lafont, Genève, Droz, 1998, pp. 80-81).

31 Cita procedente de L. Rossi (“Cercamon et Saint-Jacques-de-Compostelle”, en *Actas del Congreso In Marsupiiis peregrinorum. La circulación de textos e imáxenes arredor de la Edad Media* (Santiago de Compostela, marzo 2007), Sismel, Firenze, en prensa). Vid. tamén a súa edición: *Cercamon, Oeuvre poétique*, Paris, Champion, «Classiques Françaises du Moyen Age», 2009.

32 Máis datos no noso artigo, “‘En galardom de quantos vos servi’”, extraídos das *Concordances de l’occitan médiéval (COM)*, dir. P. T. Ricketts (coa dirección técnica de Alan Reed), Brepols, Turnhout, 2001, e [www.textus.org/trobvers](http://www.textus.org/trobvers) (a cura di Rocco Distilo, Università della Calabria).

33 En PC 242,5 v. 24; PC 242,15 v. 15; PC 242,18 v. 45; PC 242,24 v. 11; PC 242,41 v. 11; PC 242,52 v. 20; PC 242,54 v. 32 e 48; PC 242,62 v. 48; 242,63 v. 30; PC 242,69a v. 3; PC 242,70 v. 68; PC 242,78 v. 55; e PC 242,80 v. 37.

34 Parece que estivo nas cortes de Castela, León, Aragón e Navarra. Varias das súas composicións confirman: en *Ges de sobrevoler no-m tolh* fai referencia na tornada aos reis Alfonso VIII de Castela e a Fernando II

ao respecto, que este autor puido ter influencia na extensión da terminoloxía feudal –e a praxe da *fin'amors*– na Península Ibérica, á parte doutros factores como contactos e viaxes de trobadores, o Camiño de Santiago que aporta unha vía aberta para a entrada de influencias europeas ou as alianzas matrimoniais con familias europeas (sobre todo da área francesa)<sup>35</sup>.

#### 4. Etimoloxía

Os filólogos non están de acordo sobre a súa orixe. Meyer-Lübke, no seu dicionario (*REW* 9529), indica que as formas románicas (española, galego-portuguesa, francesa, occitana e italiana) proceden do fránico *WIDARLON* ‘lo que se dá como recompensa en seguridade’. Nesta liña C. Michäelis de Vasconcelos suxire como base o étimo xermánico. En cambio, outros estudosos, aínda que parten do étimo proposto polo romanista alemán, recoñecen que o termo se introduce na poética peninsular a través do provenzal en época antiga<sup>36</sup>.

Para Joan Corominas trataríase dun xermanismo. Propón como base léxica o gótico \**WİTHRALAUM* (‘pago que se dá a cambio de algo’, de *WİTHRA* ‘contra, fronte a’ + *LAUN* ‘pago’) ou ben que o citado \**WIDARLON* pasase ao latín vulgar e de aí ao español e o portugués, sen o intervención de ningunha lingua<sup>37</sup>.

Sexa como for, xermanismo directo ou a través do provenzal, o certo é que a palabra sufriu pronto a influencia fonética dun termo co que garda unha semellanza conceptual evidente, *don* (< *DONUM* ‘regalo’) (vid. infra § 5.2) e que provocará o cambio do elemento final *-lom* a *-don* en época xa antiga. De feito, Du Cange documenta en latín medieval as voces

de León nun debate con Alfonso II de Aragón.; en *Era, can vei reverdezits* alude a que o rei Alfonso II de Aragón o retén en Cataluña antes da expedición cara a III Cruzada que o levará a Oriente. O trobador recorda en varias composicións o asalto que sufriu na fronteira de Castela en Navarra. Vid. B. Panvini, *Girolfo di Bornelh, trovatore del s. XII*, Catania, Università, 1949, p. 76 e ss.; M. de Riquer, *Los trovadores. Historia literaria y textos*, Barcelona, Ariel, 1989, 2ª ed., vol. I, pp. 463-465; C. Alvar, *Textos trovadorescos sobre España y Portugal*, Barcelona, Planeta, 1978, pp. 109-117 (para as referencias de textos que se refiren á relación coas cortes hispánicas); Idem, *La poesía trovadoresca en España y Portugal*, Barcelona, Ed. Planeta, 1977, pp. 54-57 e pp. 79-81.

35 Vid. sobre este punto C. Alvar, *La poesía trovadoresca*; G. Tavani, “Il cammino di Santiago nella genesi della poesia medievale galega”, *Studi di Iberistica in memoria di Alberto Boscolo*, Roma, Bulzoni Ed., 1989, pp. 233-239; así como, máis recentemente, Idem “Au commencement était la route et le sanctuaire”, en *Actas del Congreso In Marsupiiis peregrinorum*, (en prensa).

36 Vid. R. Lorenzo, *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*, Ourense, Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijoo”, 1977, vol. II (Glosario), pp. 678-679; T. García-Sabell Tormo, *Léxico francés nos cancioneros galego-portugueses. Revisión crítica*, Vigo, Galaxia, 1991, pp. 163-166; L. Stegagno Picchio, *Martin Moya*, p. 355. J. P. Machado, na mesma liña argumental, sinala as formas do italiano, catalán, español e portugués procedentes do occitano ou do francés, e estas a súa vez do latín medieval *guidardonum* / *widardonum* (J. P. Machado, *Dicionário etimológico da língua portuguesa*, 5ª ed., Lisboa, Horizonte, 1989, vol. III, p. 115).

37 J. Corominas - J. A. Pascual, *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*, Madrid, Gredos, 1981, vol. III, pp. 29-30, s.v. *galardon* (cit. p. 29).



*guiardonum* / *guizardonum* / *guizardorum* co sentido de “remuneratio, praemium”; nalgúns dos textos aí recollidos aparece o termo xa asociado ao servizo feudal: “*Guizardonum, vel aliquod servitium*”<sup>38</sup>.

## 5. Conceptualización de *galardon*

5.1. O contexto no que se insire *galardon* vértébrase principalmente arredor do servizo amoroso, un elemento do sistema feudal imperante na época<sup>39</sup>. Sabemos que o feudalismo constitúe un fenómeno polémico e ambivalente, pois as interpretacións varían segundo as correntes que se sigan. Este problema agrávase cando se atende ao feudalismo peninsular e, máis en concreto, ao espazo da Península Ibérica occidental. Discútese o seu desenvolvemento e incluso, en moitas ocasións, é difícil precisar a terminoloxía feudal en sentido riguroso e unívoco. Manifesta a este propósito Faustino Martínez:

Feudalismo. He aquí un nombre complejo, polémico y polisémico, pleno de problemática ideológica y metodológica. Acaso porque el feudalismo fue un poco todo aquello que desde visiones diferentes se ha tratado de reflejar a modo de compartimentos estancos. Fue modelo político constitucional, sistema económico, conglomerado social. Y fue asimismo régimen jurídico, palabras, lenguaje del poder y de la sumisión, y de su reverso, la protección, el amparo, la defensa<sup>40</sup>

38 Tamén *guizardorum*, vid. Du Cange, *Glossarium mediae et infimae latinitatis*, Graz, Akademischem Druck – u. Verlagsanstalt, 1954, vol. IV, pp. 132, 136-137, s.v. *guidardonum, guizardonum* (cit. p. 136).

39 Existe unha amplísima bibliografía sobre o complexo fenómeno do feudalismo. Á parte dalgúns estudos xa citados como o de H. Grassotti, vid. F. L. Ganshoff, *Qu'est-ce que la féodalité?*, Paris, Office de Publicité, 1982 (5e ed.) (trad. *El feudalismo*, Barcelona, Ariel, 1982); M. Bloch, *La société féodale*, Paris, Ed. Albin Michel, 1983; G. Duby, *Les Trois ordres ou l'imaginaire du féodalisme*, Paris, Gallimard, 1978; J. P. Poly - E. Bournazel, *La mutation féodale (Xe-XIle)*, Barcelona, P.U.F, 1980; L. García de Valdeavellano, *El feudalismo hispánico y otros estudios de historia medieval*, Barcelona, Ariel, 1981; E. Rodón Binué, *El lenguaje técnico del feudalismo en el siglo XI en Cataluña (Contribución al estudio del latín medieval)*, Barcelona, CSIC, 1957, pp. 231-234; F. Martínez Martínez, «El Libro de Feudos gallegos de los siglos XIV y XV (I)», *Dereito, Revista Xurídica da Universidade de Santiago de Compostela*, 10 (1), 2001, pp. 98-117. Sobre o vocabulario feudal na lírica galego-portuguesa, un dos primeiros traballos foi o de J. M. Alvarez Blázquez, «Sobre la voz señor en los trovadores (concepto de «amor servil)», *Cuadernos de estudios gallegos*, V, 1950, pp. 87-104; continuado máis tarde por outros, entre os que destacan: J. Mattoso, «La difusión vasallática en el lenguaje cotidiano», *Studia Historica*, 4, 1986, pp. 171-183; A. Pichel, *Ficción poética e vocabulario feudal na lírica trobadoresca galego-portuguesa*, A Coruña, Excma. Deputación, 1987; F. Martínez Martínez, «Empelo del lenguaje feudal como lenguaje amoroso: el ejemplo del Cancioneiro de Ajuda», *Cuadernos de Estudios Galegos*, 120, 2007, pp. 134-170 (*galardón*, p. 158); Idem, «De amor y de feudos: lectura jurídica del *Cancioneiro de Ajuda*», *Foro, Nueva época*, 3, 2006, pp. 159-222; Idem, «Lenguaje y Derecho: relaciones con especial incidencia en la terminología feudal medieval», en *Actas do Coloquio sobre Vocabulario Trobadoresco (Santiago de Compostela, 20-21 outubro 2008)*, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Santiago de Compostela, en prensa.

40 Faustino Martínez, «De amor y de feudos», pp. 179-180.

Cinxíndonos á documentación existente e tomando como referencia o campo literario, hai que sinalar que a poesía na Idade Media atravesaba facilmente as fronteiras políticas e lingüísticas e que o vocabulario feudal procedente da difusión das prácticas vasaláticas difúndese amplamente no ámbito literario. Á Península Ibérica chegan numerosos termos feudais dentro dos canons do amor cortés que se transmiten desde as poéticas cultivadas alén dos Pirineos, aínda que tamén cabería pensar que *galardon* fose trasladado aos textos literarios a partir do sistema feudal francés. Sexa como for, o certo é que o servizo á dama e a homenaxe que se lle rende confúndense en certa medida co servizo e a homenaxe do vasalo e señor. Ademais, hai que ter presente no desenvolvemento do sentido de *galardon* outros condicionantes ou factores, á parte do feudalismo, como a tradición literaria anterior, que deixaran o seu selo. A este respecto G. Cropp suliña: “hérité de l’antiquité et de l’expression de l’amour poétique, le service d’amour est, au moyen âge, une métaphore encore vivante, encore en évolution: le vasselage féodal ne l’explique qu’en partie»<sup>41</sup>.

A asociación léxica de *galardon* coa noción de servizo feudal que o amante/vasalo lle rende a súa dama/senhor é tan notorio e patente que se evidencia expresamente na maioría dos textos. Incluso nunha obra épica como o *Cantar de Mio Cid* o termo *galardon* enmárcase na mesma dicción discursiva, como promesa de recompensa polo servizo prestado. Rodrigo Díaz proclama ante a petición de permiso dos Infantes de Carrión para marchar coas súas fillas a Carrión:

A mis fijas <i>sirvades</i>	que vuestras mugieres son;
si bien las servides,	yo vos rendré buen <i>galardón</i>
(vv. 2581-2582) <sup>42</sup>	

Do mesmo xeito, na lírica relixiosa obsérvase o mesmo ámbito connotativo. Nas *CSM*, Afonso X sitúa a miúdo *galardon* nunha contextualización semellante, como, por exemplo, cando reclama o trovador á Virxe, a súa *senhor*, que “e por este *serviço* dá-m’ este *galardon*” (401 v. 11)<sup>43</sup>, ou cando se indica “os que o demo *serven* an del taes *galardões*” (199 v. 25).

Non é sorprendente, polo tanto, que o concepto de *servir* se exprese explicitamente en case todos os poemas profanos que mencionan *galardon* (só dúas das cantigas dionisinas non inclúen nos seus versos referencias ao servizo –25,27 e 25,56–). Téñase en conta que *servir*, como noción propiamente amorosa, «fait appel à tout un cérémonial qui oppose à la

41 G. Cropp, *Le vocabulaire*, p. 221 (o suliñado é noso).

42 Citamos pola ed. de A. Montaner (*Cantar de Mio Cid*, con estudio preliminar de F. Rico, Madrid, Crítica, 1993). Sobre o tema do servizo e a recompensa nesta obra é de gran axuda o estudo de S. Luongo, “Servizio, rincompensa e dono”, en *Vincolare*, pp. 125-151 (vid. n. 58).

43 No epígrafe da cantiga, presente só no ms. de Toledo, lese “Esta e la pitiçon que fez el rey don afonso a sãta maria por *galardon* destes cen cantares...” (c. 401) (vid. W. Mettman, *CSM*, III, p. 303, en nota).

façon grossière d'éprouver les choses de l'amour, un sentiment raffiné et chevaleresque de sa valeur»<sup>44</sup>.

As tres cantigas de Martin Moxa son ilustrativas deste sentido. Dúas presentan incluso unha temática e un léxico bastante semellantes. A cantiga *Ben poss' Amor e sseu mal endurar* céntrase na alegría de amar a tan fermosa dama e na referencia explícita ao *galardon* como compensación do servizo amoroso que lle rende o amante e que repite ao longo de toda a poesía. «Tan bon dia *servi* /senhor que tan bon *galardon* mi da» proclama contento o trobador, para rematar coa seguinte *finda*:

E por end' am' e *servh'* e sño seu,  
d' esta senhor, e *servi*-la quer'eu,  
ca *bon serviç'* en ben ss' encimará  
(94,6 vv. 29-31)

Este último verso é recollido polo autor noutra composición no marco dun proverbio ou *verbo antigo*, do que o *gualardon* constitúe o elemento central (suliñamos o verso en negriña):

Porque sol dizer a gente  
do que ama lealmente:  
«se ss' én non quer enfadar,  
**na cima *gualardon* prende**»,  
am' eu e *sirvo* por ende;  
(94,4 vv. 31-35)

A utilización de citas de adaxios é un recurso retórico frecuente en toda a literatura medieval e é tamén de amplo uso na poética galego-portuguesa. Este tipo de locucións recordan a *auctoritas* popular e serven para reforzar a argumentación do discurso poético<sup>45</sup>. Martin Moxa comprácese a miúdo en introducir e apoiarse en seus versos textos gnómicos como aseveracións. Neste caso a *sententia* está localizada na IV cobra, algo pouco usual na utilización deste procedemento<sup>46</sup>.

44 Cita de R. Dragonetti, *La technique*, p. 62.

45 Vid. sobre o tema X. Filgueira Valverde, “A inserción do ‘verbo antigo’ na literatura medieval”, en Idem, *Estudios sobre lírica medieval. Trabajos dispersos (1925-1987)*, Vigo, 1992, pp. 165-182 (anteriormente en *Boletín Auriense. Homenaxe a X. Taboada Chivite*, 6, 1976, pp. 355-356); J. Mattoso, *O esencial sobre os Provérbios Medievais Portugueses*, Lisboa, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1987, e M. Arbor Aldea, “*Verbo antigo e sententia: unha achega puntual*”, en *Iberia Cantat. Estudios sobre poesía medieval hispánica*, ed. J. Casas Rigall - E. M. Díaz Martínez, Santiago de Compostela, Universidade, pp. 75-92.

46 Precisamente a inserción do proverbio e a utilización de *gualardon* son indicios que lle serven á editora L. Stegagno Picchio para identificar o autor desta composición como Martin Moxa (L. Stegagno Picchio, *Martin Moya*, p. 177).

Nunha terceira cantiga, da que lamentablemente só se conserva unha estrofa, Martín Moxa menciona o binomio ‘servizo’ / *galardon* e inclúe este no contexto dunha afirmación de carácter xeral creada polo poeta coa pretensión de darlle unha sólida permanencia,

poys omen ben *serv’* a bon sennor  
 bon *galardon* devedes a levar”  
 (94,11 vv. 2-3)<sup>47</sup>.

O outro poeta que empregaba a miúdo *galardon* nos seus versos, D. Denis, pon en conexión *servir/galardon* en tres cantigas de amor. Destacamos de xeito particular *Por Deus, Senhor, pois per vós non ficou* (25,83) por estar centrada na temática do servizo amoroso incluíndo, ademais, certa variedade léxica pertencente a este campo sémico (*puridade, mercee, preito*). Así, o trobador pide, na I cobra, a súa *senhor* “em *galardom* de quanto vos servi” (v. 4) que respete o compromiso de “teer *puridade*” (refrán)<sup>48</sup>; repite a mesma idea, na seguinte cobra, substituindo o *galardón* polo vocábulo *mercee* en función sinonímica (“por *mercee* teede por razom/ de me teer *puridade*...”, vv. 10-11<sup>49</sup>; e remata na fiinda coa mención do *preito*, pacto vasalático que une aos amantes<sup>50</sup>.

Os outros poetas seguen a mesma liña discursiva e introducen nos seus versos *galardon* e *servir* na formulación da coita que os domina. Afonso Sanchez, fillo de D. Denis, di na III e última cobra da c. 9,3<sup>51</sup>:

47 Vid. os comentarios, *Ibid.*, pp. 150-152.

48 *Puridade* (< PURITATEM ‘pureza’) era un termo amplamente usado e indicaba unha obrigación feudal. Tiña o significado na Idade Media de ‘segredo, lealdade, fidelidade’. Segundo R. Lorenzo, “el paso de ‘pureza’ a ‘secreto’ sea un calco semántico del árabe” (*La Traducción gallega*, p. 1063, s.v.). Vid. también J. Mattoso, “Léxico feudal”, p. 309.

49 *Mercee* procede do latín MERCEDEM ‘salario’; en latín popular indicaba ‘prezo’, e de aí adquiriu o valor de ‘recompensa, favor’ (máis tarde, tomou o sentido de ‘graza’, ‘piedade’). Na linguaxe feudal era utilizado como sinónimo de *galardon*. G. Lavis, *L’expression de l’affectivité dans la poésie lyrique française du Moyen Age (XII-XIII s). Étude sémantique et stylistique du réseau lexical joie-dolor*, Paris, Les Belles Lettres, 1972, pp. 131-137.

50 *Preito* (derivado do latín PLACITUM ‘vontade’) toma o sentido de ‘decisión’ e ‘recompensa’, e logo ‘compromiso’ ou ‘acordo’ (arredor do s. VI). Este último é conservado e utilizado na Idade Media. A crítica considera que o termo se introduciu a través do occitano, non directamente (vid. J. Mattoso, “O léxico feudal”, p. 298; e F. Martínez, “Empelo del lenguaje feudal”, p. 15). As outras dúas cantigas dionisinas insertas no servizo amoroso son a 25,27 e 25,56.

51 Na edición da cantiga sinálase que posiblemente se conserve de forma incompleta a composición, tal e como a transmitiron os manuscritos, faltando algún verso ao final de cada cobra (vid. M. Arbor Aldea, *O Cancioneiro de don Afonso Sanchez, Edición e estudio*, Santiago de Compostela, Universidade, 2001, pp. 128 e 131).

Pois de vos *servir* é meu coraçõ  
 e non atendo por én *galardon*  
 de vós,...  
 (9,3 vv. 13-15)

Un poeta portugués da corte dionisina, J. Mendiz de Briteiros (73,8), faise eco da mesma asociación de reciprocidade<sup>52</sup>, ao igual que P. Gomez Charinho. Este último utiliza unha forma verbal, de uso raro na lírica profana, *galardoar*, como sinónimo de *servir* no mesmo espazo do verso:

ca vos *serví* muyt' e *galardoar*  
 non mho quisestes, e voum' eu d' aquí,  
 (114,13 vv. 25-26)<sup>53</sup>

Cómpre sinalar que no resto de tipoloxías que insiren *galardon* tamén se produce a mesma contextualización no campo sémico do servizo feudal. A única cantiga de amigo en que se rexistra (64,14) principia a composición aludindo o galardón como recompensa que a amiga nunca outorgou ao seu amado:

Madr', o que sey que mi quer mui gran ben  
 e que sempre fez quanto lh'eu mandey  
 -e nunca lhi d'esto *galardon* dey-

Para máis tarde, nas II e III cobras, referirse ao *serviço* de amor que o amante lle profesa: “a quanto pôde’ e soube, me *servyu*” (v. 9); e na III: “me *servyu* senpr’ a todo seu poder” (v. 16).

Nas cantigas de escarnio non varía o marco. Na única cobra que se conserva do escarnio 145,9 de Roy Martinz do Casal insírese *galardon* no devandito contexto:

Se me deras *galardon*  
 Amor, de quanto *servy*  
 mais disera eu de ty  
 do que dizem de Samsan  
 con razon.

Noutra cantiga de escarnio insírese como contra-texto do xénero amoroso. Gonçal’Eanes do Vinhal “re-utiliza” o termo *galardon* para lanzar unha fina ironía contra unha abadesa.

52 Di na II cobra: “que sempr’eu pugí no meu coraçõ /en vos *servir*.../.../é, contra vós, que nenhũun *galardom* /non ei de vós...” (73,8, vv. 9-13).

53 Antes, na I cobra: “e ora me quero de vós partir / sen *galardón* de camanho temp’ ey / que vos *serví*, ...” (vv. 3-5)

Para iso disfraza a súa sátira baixo a forma do agradecemento pola xenerosa acollida que lle dispensou no seu mosteiro, desexándolle: “Ajades por én *galardon* / de Deus..” (60,1 vv. 15-16); e reiterando na seguinte estrofa na mesma posición inicial: “Deus vos dé por én *galardon* / por mi...” (vv. 22-23). Así pois, o trobador castelán recolle un termo do código amoroso e insíreo nun contexto satírico dirixido tamén a unha muller pertencente ao status relixioso á que lle chama significativamente *senhor* e da que se desprende que o seu comportamento está bastante afastado do código cortés<sup>54</sup>.

Percíbese incluso en cantigas que se afastan da sátira amorosa, como por exemplo, nunha cantiga de tipo moral do Conde de Barcelos, D. Pedro, dirixida contra os “privados del-rey”, avariciosos e egoístas, que buscan só o seu proveito persoal:

Os que trabalhan de *servir*  
 el-rey por tirar *galardon*  
 ...  
 logo punham de lho parti[r];  
 o que d' el-rey quiser tirar  
 bem sem *servir*,...  
 (118,7 vv. 8-13)<sup>55</sup>

5.2 Por outra parte, o *galardon* forma parte, así mesmo, do concepto da *largueza* que a *cortezia* predicaba desde os seus inicios. A xenerosidade era unha das cualidades máis apreciadas no sistema de valores cortesés, onde asumía un lugar preeminente tanto na dinámica da lírica como na ética da *cavaleria* presente no xénero narrativo<sup>56</sup>. Marcabru consideraba, xa na súa época, a liberalidade e a magnanimidade de parte do señor feudal como unha das virtudes en decadencia do mundo e así o manifesta en varias das súas composicións centradas no ámbito moral<sup>57</sup>.

Ser desprendido e espléndido implicaba certamente dar ou conceder *dons*, unha temática que recolle a tradición clásica (sobre todo, no *praeceptor amoris* por excelencia,

54 Sobre esta cantiga vid. G. Videira Lopes (ed.), *Cantigas de Escárnio e Maldizer*, Lisboa, Stampa, 2002, p. 176. A cantiga, segundo sinala esta estudosa, presenta certa confusión na identificación do “comendador”. Vid. tamén os comentarios de A. Viñez Sánchez, *El trovador Gonçal'Eanes do Vinhal: estudio histórico y edición*, Santiago de Compostela, Universidade, 2004, pp. 667-672.

55 Está criticando aos “privados” do Rei, o seu medio-irmán D. Afonso IV, identificados na rúbrica como “Miguel Vivas” e “Gomiz Lourenzo de Beja”. Vid. M. Simões, *Il canzoniere di D. Pedro, Conte di Barcelos*, ed. crítica, con introduz., note e glosario, L'Aquila, Japadre Ed., 1991, pp. 67-70; e G. Videira Lopes (ed.), *Cantigas de Escárnio*, p. 545.

56 Sobre a *largueza* é fundamental o capítulo de E. Köhler, “Richezza e liberalità nella poesia trobadorica”, en *Sociologia della Fin' amor. Saggi trobadorici*, trad. e introd. di M. Mancini, Padova, Liviana Editrice, 1976, pp. 39-80.

57 Di nunha das súas composicións adicadas á decadencia do mundo: “Desviatz de son cami/ Jovens se torn' a decli/ e *Donars*, qu'era sos fraire,/va s' en fugen a tapi”, 17, vv. 7-10 (citamos por J. M. L. Dejeanne, *Poesies complètes du troubadour Marcabru*, Toulouse, 1909).

Ovidio) á que se lle incorporan significacións e valores novos a partir da dimensión feudal que adquire na época medieval. Na Idade Media este motivo percorre unha estensa rede de textos que abrangue desde ámbitos da literatura cortés ata outros máis afastados como a épica, ofrecendo un gran riqueza de perspectivas e matices<sup>58</sup>. A partir da noción de *largueza* xorde a nivel literario toda unha arte de dar e de pedir, unha dialéctica de favores e recompensas que entregan e reciben os amantes no marco do servizo feudal. Dentro desa tipoloxía de dones que se intercambian os namorados, habería que encadrar o *galardón* trobadoresco como unha recompensa de tipo amoroso. Nas *Cantigas de Santa Maria* evidénciase esta relación no refrán que se reitera nunha cantiga de tipo narrativo (aínda que aquí, á parte das conexións sémicas, inflúe tamén a súa colocación como elemento rimático):

O que pola Virgen de grado seus *dões*  
der, dar-vos-ll-á ela grandes *galardões*  
(145 vv. 4-5)<sup>59</sup>

Ao igual que na *tençon* na que debaten Arnaldo e Alfonso X (21,1), onde aparece tamén a mesma asociación. Veláí a primeira intervención do rei castelán (II cobra):

-D. Arnaldo, pois tal poder  
õde vent' avedes, ben vos vai,  
e dad' a vós devia seer  
aqueste *don*. Mais digu' eu: aí,  
por que nunca tal *don* deu Rei?  
Pero non quer' eu *galardón*;  
mais, pois vo-lo ja outrogei,  
chamen-vos "Almiral Sison".

58 Cómpre citar sobre a materia do 'don' os estudos fundamentais do etnólogo francés Marcel Mauss (1873-1950) para quen o don e o contra-don se encontran no miolo das relacións entres os diferentes grupos que compoñen unha sociedade (vid. M. Mauss, *Essai sur le don, forme archaïque de l'échange*, Paris, 1932-34). Recentemente apareceron contribucións interesantes sobre o tema: vid. M. Picone, «Il dittico del dono (RVF 8-9)», en *Atti de X Convegno International «Vincolare, ricambiare, dominare. Il dono como pratica sociale e tema literario»* (Rocca Grimalda, 23-25 set 2005), a cura di N. Pasero e S. M. Barillari, Alessandria, Ed. dell'Orso, 2007, pp. 109-204 (particularmente pp. 111-114); así como S. Kay, «Le donne nella società feudale: la dama e il dono», en *Lo spazio letterario nel Medioevo*, ed. P. Boitani, vol. IV: *L'Attualizzazione del testo*, Roma, Salerno Ed., Roma, 2004, pp. 545-572. A propósito das *dões* que se intercambiaban os namorados na lírica, vid. os nosos estudos «Joan García de Guilhade e o intercambio de *dões*», en *Cada palabra pesaba, cada palabra media. Homenaxe a Anton Santamarina*, Santiago de Compostela, Universidade, 2008, pp. 455-462; e «Algunas prendas de amor en la lírica gallego-portuguesa», *Actes du XXV Congrès de CILPR (Innsbruck, 3-8 set. 2007)*, Niemeyer, en prensa.

59 Recórdese que a influencia conceptual entre os dous termos (*dões* / *galardões*) manifestouse xa desde épocas antigas, provocando un cambio fonético (o paso da terminación orixinaria *-lon* en *-dom*).

Para designar esa recompensa, na linguaxe feudal utilizábanse outros termos á parte do galardón. Un dos favores que máis se demandan reiteradamente nas cantigas recibe o apelativo de *ben* (< do adv. latino *BENE*), termo moi recorrente no repertorio léxico galego-portugués e que detenta unha ampla rede de valores sémicos (desde acepcións abstractas como ‘amor’, ‘excelencia moral’ ou ‘felicidade’ ata máis concretas como sinónimo *galardon*, no sentido de ‘recompensa’, ‘favor’)<sup>60</sup>. No noso corpus de cantigas encontramos en asociación sinónimica *ben / galardon* en case a metade dos textos:

- Martín Moxa, na cantiga 94,6, alude a “tant’ e o *ben* que de mha senhor ey” (v. 2) e máis tarde sinala “...tan bon *galardon* mi dá!” (v. 25).
- Afonso Sanchez, na 9,2, reitera o v. 2 da II cobra “non atendo *bem* do grande amor”; na mesma posición de estrofa, o v. 2 da seguinte cobra dise “e non atendo por en *galardon*”.
- D. Denis menciona o binomio sinonímico en catro composicións (25,27, 25,59, 25,83, 25,106)<sup>61</sup>. A terceira das composicións citadas é interesante, dado que se perciben varios sentidos de *ben*:

Por Deus, senhor, pois per vós nom ficou  
de mi fazer *bem*, e ficou per mi,  
teede por *bem*, pois assi passou,  
em *galardom* de quanto vós servi,  
(I, vv. 1-4)

E na II cobra os catro primeiros versos volven a repetir a combinación *ben / galardom*, acompañada dun terceiro sinónimo co que garda tamén estreita relación, *mercee*:

Nom ficou per vós de mi fazer *bem*,  
e de Deus ajades *bom galardom*  
mais a mha mingua foi grande; porem  
por *mercee* teede por razom  
(II, vv. 7-10)

5.3. Dentro da contextualización na que se sitúa *galardon* e deixando á parte o marco do feudalismo e as combinacións sinonímicas con outros vocablos, cabe preguntarse pola temática que rodea as cantigas que inclúen o termo, posto que este participará en grande medida da súa rede de significados.

60 Téñase en conta, ademais, o uso adverbial implícito na expresión *fazer ben*. Vid. S. Spina, *Do formalismo estético trovadoresco*, São Paulo, Univ., 1966, pp. 176-185 (“*O Fazer bem* dos cantares trovadorescos”), así como C. Michäelis, *Ajuda*, I, Glosário, p. 13, V. Beltrán, *Cantiga de amor*, p. 59 e ss. e G. Cropp, *Le vocabulaire*, pp. 359-362.

61 Vid. o noso estudo, “*En galardom de quanto vos servi*”, pp. 122-124.



O motivo insírese maioritariamente na liña sémica de maior relevo da poética amorosa galego-portuguesa, o amor non correspondido, en contraste coas outras tradicións de lírica cortés, na que a obtención da *joie* estaba implícita e explicitamente asociada á noción de recompensa: tanto o *gazardo* occitano como o *guerredon*<sup>62</sup> e o *guiderdone* italiano enmárcanse dentro desta significación, en tanto que a posible recepción do premio da dama era un motivo de ledicia para o amante. Na poética galego-portuguesa, non obstante, *galardon* intégrase no *topos* da *coita* de amor<sup>63</sup> (precisamente pola dificultade por conseguir que a dama o outorgue ao trobador), salvo dúas excepcións que comentaremos máis tarde. D. Denis explicita ao final dunha composición de xeito rotundo:

em que grave dia naci  
que eu de vós por *galardom*  
nom ei d' aver se *coita* nom  
(25,27 vv. 18-21)

En relación coa expresión da *coita*, aparecen diferentes propostas discursivas. *Galardon* actúa nestes casos como mecanismo que reforza a idea de sufrimento do poeta pola falta de correspondencia da amada. A nivel microtextual apúntanse os seguintes motivos temáticos:

i) A vista/visión da dama, que provocou o inicio do amor (“esses olhos, que forom veer/aquestes meus” 73,8 vv. 6-7) como fonte de dor, ao mesmo tempo que de *ventura*, pois a única recompensa que obtén polo seu servizo de amor é *catar* os seus ollos:

... mais mha *ventura* tal  
é, contra vós, que nenhũu *galardom*  
non ey de vós se non quando *catar*  
vou esses olhos, que por meu mal vi,  
(vv. 11-14)

Nótese a litote que se produce na frase que ten como núcleo *galardon* e que serve para suliñar a forza argumentativa da cantiga. Remata ao final da III estrofa:

62 Vid. R. Dragonetti, *La technique*, p. 77, e G. Lavis, *L'expression de l'affectivité*, p. 547.

63 Non nos imos deter neste aspecto, posto que é un lugar común nos estudos da lírica galego-portuguesa. A bibliografía sobre o tema é amplísima dada a súa importancia. Destacamos G. Tavani, *A poesía lírica galego-portuguesa*, Vigo, Galaxia, 1986, pp. 123-132, V. Beltrán, *A cantiga de amor*, pp. 64-67, M. Brea, “Coita do mar, coita de amor”, en *Cinguidos por unha arela común: homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, ed. R. Álvarez e D. Vilavedra, Santiago de Compostela, Universidade, 1999, vol. II, pp. 235-248 (agora en *Estudos sobre léxico dos trobadores*, ed. ao coidado de A. F. Guiadanes, G. Pérez Barcala, M. A. Pousada Cruz, coord. M. Brea, *Verba*, Anexo 63, 2008, pp. 215-229). Si queremos sinalar que falta actualmente un estudo exhaustivo que aborde a conformación do motivo e os múltiples matices e valores que adquire e que engloba na gran cantidade de textos que o mencionan nos seus versos. Desde a USC estase tratando de encher este espazo coa elaboración dunha tese de doutoramento sobre o tema que leva a cabo o investigador Antonio Domínguez Carregal.

atam *coitado*, assy me valha Deus,  
 por esses olhos, que per nulha ren  
 perder non posso a gran *coita* que ey  
 (vv. 19-21)<sup>64</sup>

Vinculado tamén ao tema da visión da dama, na 25,56 D. Denis proclama que o premio que desexaría sería vela: “filhar-lh’ ia por *galardom*/ de a veer”, pero a súa separación semella infranqueable perante a oposición femenina.

ii) A ‘partida’ do poeta pola falta de correspondencia. Na 114,13 P. Gomez Charinho anuncia: “e ora me quero de vós *partir* / sen *galardón* de camanho temp’ ey/ que vos servi” (vv. 3-5), e insiste na última cobra: “ca vos servi muyt’ e *galardoar* / non mho quisestes, e voux’ eu d’ aquí” (vv. 25-26).

iii) A indiferenza da dama e o *galardon* que non conseguirá, a pesar do servizo que lle profesa:

Pois de vos servir é meu coraçõ  
 e non atendo por én *galardon*  
 de vós...  
 (9,3 vv. 13-15)

que aja do mal que mi vem  
 por vós nem *galardom* porem  
 se nom mal e viltança”  
 (25,106 vv. 19-21)

A pesar da falta de correspondencia femenina, o trobador contrapón a súa lealdade, manifestando o seu desexo de que Deus debe, en cambio, concederlle á amada unha boa recompensa:

Non ficou per vós de mi fazer bem  
 e de Deus ajades *bom galardom*  
 mais a mha mingua foi grande;...  
 (25,83 vv. 6-8)

iv) A sinceridade do seu amor –”do que ama lealmente” 94,4 v. 32–, inserindo Martin Moxa *galardon* no marco xenérico do adaxio popular<sup>65</sup>.

64 Recordemos que, ademais, a vista da dama inicia o proceso de namoramento entre a dama e o trobador. Vid. os comentarios á cantiga de E. Finazzi-Agrò, *Il Canzoniere di Johan Mendiz de Briteyros*, ed. crítica, con introduzione, note e glosario, L’Aquila, Japadre Editores, 1979, pp. 74-75.

65 Vid. supra comentarios sobre esta cantiga.

O ton desalentado de moitas das cantigas amorosas conduce a que o contexto no que se desenvolve o galardón insista na inutilidade do servizo coa presenza de partículas negativas no discurso: “ora me quero de vós partir / sen *galardón*” (114,13 vv. 3-4) “e *galardoar* / non mho quisestes” (id. vv. 25-26), “por *galardom* non ei d’ aver...” (25,27 vv. 19-20), “e non atendo por én galardón” (9,3 v. 14), “nenhuu *galardom* / non ey de vós” (73,8 vv. 11-12), “por vós nem *galardom* porem / se non mal e viltança” (25,106 vv. 13-14).

Agora ben, en contraste con esta isotopía, *galardon* artículase significativamente en dous casos particulares na temática da ledicia, do placer que se deriva do amor correspondido, na produción de dous dos poetas que máis utilizaban o motivo e que presentaban influencias da tradición poética occitana e francesa. A asociación coa *joie* era recorrente nos *trouvères*<sup>66</sup>, nos *trobadors* occitanos e nos poetas italianos. Hai que salientar que a situación contextual que se expresa nestes casos céntrase na proxección futura cara a un tempo próximo, non se refire a unha temporalidade prospectiva, máis común cando se expresa o amor desgraciado.

Martin Moxa, na c. 94,6, expresa a súa ledicia por amar a súa *senhor* e agradécello a Deus, afirmando a súa confianza en que o seu servizo amoroso terá como final o *galardon* da súa *senhor*.

Pola súa parte, D. Denis, na c. 25,59, manifesta de forma paralelística ao comenzo das tres cobras a súa alegría (“O gram viç’ e o gram sabor / e o conforto que ei” I, vv. 1-2, “alegr’ andar / e mi dá confort’ e prazer” II, vv. 8-9, “E porent’ ei no coraçom/ muy gram prazer” III vv. 15-16), ante a esperanza que Deus “darmh-a, cuid’ em / d’ ela bem e bom *galardom*” (III, vv. 20-21, final de composición).

Así pois, a temática na que se inscribe *galardon* é bastante sinxela e non se afasta dos canons establecidos. Limitáase na maioría dos casos a expoñer a falta da recompensa da dama e a reiterar a súa solicitude ata case a extenuación. Nada máis. Non se afrontan sentidos poéticos máis complexos ou reflexivos, como o feito de cuestionar se é lícito pedir á dama un premio polo seu servizo, por canto este debería ser totalmente gratuito e non debería implicar –de seu– a recepción de nada a cambio, como ocorre na lírica italiana, onde si se aborda este asunto<sup>67</sup>.

## 6. Aspectos formais

En todo exame lexicográfico, cómpre facer mención a cuestións que se afastan da conceptualidade que expresan os termos e que se centran na perspectiva formal da composición, en tanto que no discurso textual a *dispositio* formal intervéñen na adopción dun termo ou

66 G. Lavis, *L’expression de l’affectivité*, p. 320 e pp. 428-431.

67 Na lírica siciliana e na stilnovista aparece este tema desenvolto, vid. Ana M.<sup>a</sup> Domínguez Ferro, “El término *guidardone*”.

doutro, servindo, ademais, para destacalo e poñelo de relevo dentro do entramado da composición en espazos especialmente significativos dentro da peza.

A nivel formal, hai que destacar que *galardon* se sitúa en posición relevante na composición como palabra rimante en numerosas ocasións. Téñase en conta que a rima en “-on” ofrece unha combinación bastante produtiva de rimantes para asociarse, fundamentalmente no noso caso aparece en compañía dun substantivo de temática amorosa *coraçon* (tamén pode combinarse co adverbio *nom, perdom, som, entom, maison, dom, sisom*)<sup>68</sup>. Emprázase como palabra rimante en catro cantigas de D. Denis (25,27, 25,56, 25,83, 25,106), na 73,8 de J. Mendiz de Briteiros e na 9,3 de Afonso Sanches. Tamén aparece ao final do verso na *tençon* entre Afonso X e Arnaldo e nas cantigas de escarnio de Vinhal e D. Pedro, así como nas *Cantigas de Santa María*<sup>69</sup>.

Como colofón da composición, como palabra rimante en posición final en verso final de cantiga, localízase *galardon* na c. 25,59 de D. Denis (na c. 25,106, do mesmo trobador, como palabra rimante final de estrofa e case de composición, pois precede ao refrán).

## 7. Conclusión

*Galardon* é un termo extendido por toda a lírica trobadoresca románica, pertencente ao vocabulario xurídico feudal que se traslada á preceptiva do amor cortés. No caso da poesía galego-portuguesa configúrase como un vocablo bastante pouco produtivo, se se compara co léxico característico dos cancioneros, pero un elemento importante para a transmisión da conceptualización do servizo amoroso, sendo característico e caracterizador da tipoloxía da cantiga de amor. Se cadra, o feito de ser un termo que posiblemente proceda da Occitania influíu en que a súa frecuencia sexa restrinxida e que o seu uso se circunscriba a poetas pertencentes a épocas avanzadas da tradición. A súa ampla mención nos repertorios de Martin Moxa e D. Denis, coñecedores da tradición foránea, pode corroborar tamén esta hipótese. O servizo amoroso é o marco no que se sitúa *galardon*, como recompensa dese amor leal que lle rende o trobador a súa dama. Solicítase, reclámase insistentemente, pero sempre é negado, nunca se lle concede, aínda que só o pensamento nun futuro premio provoca que o trobador mostre certa alegría.

68 O estudo máis completo ao respecto é o de J. M. Montero Santalha (*As rimas da poesía galego-portuguesa. Catálogo e análise*, A Coruña, Universidade, Tese de Doutoramento inédita, 2000, 3 vols.), onde se sinala que a rima en *-on* aparece en 2373 versos en cantigas profanas e relixiosas galego-portuguesas, e está asociada a 181 termos diferentes (vol. III, p. 1513). Trátase, polo tanto, dunha das rimas de maior rendemento da nosa poesía.

69 Son as c. 55, 138, 249, 265, 382, 400 e 401.